



NORMAS COVID. TITORAS E TITORES

Como titora/r este curso deberás transmitirlle ao alumnado o primeiro día de clase as seguintes medidas, ademáis de reforzarlles, durante as dúas primeiras semanas, a información, para que a lembren durante todo o curso.

1. MEDIDAS HIXIÉNICAS E XERAIS:

Obrigatorio levar máscara ao entrar no centro e na aula, na saída, nos cambios de aula, nos momentos de lecer, ao ir ao baño, etc. ademais de gardar en todo momento a distancia de seguridade (1.5 metros na aula e fóra da aula).

Durante a clase haberá que permanecer sentado no sitio asignado polo profesor ou titor. Este sitio será sempre o mesmo podendo poñer unha etiqueta á mesa co seu nome se o precisan. Non poderán xirarse cara ao seu compañeiro.

Todo o alumnado debe lavar as mans antes de comezar a clase, o que se verificará unha vez sentados na aula. Para elo, poderán utilizar os dispensadores da aula, pero, preferentemente, deberán usar o seu propio **xel hidroalcohólico que todos deben traer** na súa mochila ou no estoxo.

En todos os espazos do centro dispórase de **xel hidroalcohólico, papel e papeleiras con bolsa**.

É importantísimo, utilizar dentro e fóra do centro os puntos específicos de recollida do lixo e non deitar nada ao chan.

Nas papeleiras das aulas con bolsa deitaranse só residuos hixiánicos (papel desinfección, panos individuais desbotables...); o resto dos residuos, á outra papeleira da aula.



- Cando cambien de aula para algunha materia, deberase desinfectar o lugar que ocupe na nova aula co produto que haberá na mesma

- Débesse realizar hixiene de mans** frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.

- Ao tusir ou esberrar**, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotarán na papeleira específica sinalada con anterioridade para este fin, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.

- Non compartir material de uso propio con ningún compañeiro/a.

- Non se poderán usar os **percheiros** da aula, polo que cada un terá que colocar a súa roupa no respaldo da cadeira.

- Non se poderán usar **as taquillas** até novo aviso, polo que haberá que traer e levar diariamente o material e non deixalo nas aulas, para favorecer a limpeza das mesmas.

- Non deixar nada de valor na aula.

- Ventilar as clases o máximo tempo posible**, como mínimo cinco minutos ao principio da xornada e antes da chegada do profesor. Para facelo, pódese utilizar un sistema de turnos. As ventilacións feitas deben anotarse nun cadro de rexistro que haberá na porta da clase.

- Cando despois do recreo se teña clase nunha aula diferente** á anterior, haberá que levar o material necesario ao baixar ao recreo, pois non se poderá volver á aula a buscalo.

- Non está permitido permanecer fóra das aulas nin nos corredores.

2. OUTRAS MEDIDAS QUE SE LLES DEBEN LEMBRAR:

- Deben atender as indicacións** de todo o profesorado do centro, así como as indicacións visuais colocadas polo centro.
- Cada alumno do centro deberá traer na súa mochila o seguinte:
 - a) Estuche de material cos seus bolis, lápices e demais utensilios de traballo identificados co seu nome
 - b) Libreta multimaterias identificada
 - c) Máscara de repostro identificada
 - d) Bote de xel hidroalcohólico co nome

Cando cheguen ao centro, diferenciamos catro portas de acceso ao colexio:

Diferenciamos catro portas de acceso ao colexio:

1. Porta principal. (1º ESO A-B-C-D , 4º ESO C e 1º BAC B)

2. Porta Emerxencia Pavillón A. (Ciclos Formativos Administración , 2º ESO A-B-C-D e 3º ESO A /PMAR)

3. Porta de talleres, rúa F. (Ciclos Formativos FP Básica-Automoción- Electricidade e Mectrónica))

4. Porta “PATIO” rúa Luís González Taboada (1º BAC B e 2º Bacharelatos A -B , 3º ESO B– C- D e 4º ESO A -B)

Coa seguinte organización das entradas horarios escalonados:

ENTRADAS	SAÍDAS
1º e 2º ESO → 08,45h á 08,55h	1º e 2º ESO → 14,25h á 14, 30h
3º ESO → 08,45h á 08,55h	3º ESO → 14,25h á 14,30h
4º ESO → 08,55h á 09,00h	4º ESO → 14,30h á 14,35h
Bacharelatos → 09,00h.	Bacharelatos → ás 14;35h
FPBásica → 08:55 á 09:00h.	FPBásica → 14:30 á 14:35h
Ciclos. → 09,00h	Ciclos. → ás 14,35h

Tarde do luns:

Ciclos →16,00horas	Ciclos: → 18,30h
Tarde do mércores	
Ciclos →16,00horas	Ciclos →ás 18,30h.

Haberá que recoller un pouquiño antes desa hora para que a saída sexa puntual e non haxa aglomeracións

O obxectivo principal da proposta que facemos a continuación é evitar as aglomeracións e os tempos de espera nas entradas e saídas.

O éxito desde plan vai depender do cumprimento estrito dos horarios establecidos tanto polas familias, transporte, así como por parte do profesorado.

ASEOS: Permitirase acudir aos **baños do soto da cafetería, planta baixa do pavillón A ,B e C durante os recreos** de forma individual, sempre baixo a supervisión do profesorado de garda e respectando o aforo máximo permitido (2 persoas) indicado na porta. Só se usará o baño en horas de clase cando sexa inevitable.

Espazos de recreo: (pendente de determinar)

En calquera caso, a distancia interpersoal durante os recreos será de 1.5 metros.

- Non se poderá usar o balón nas pistas**
- No caso de que un alumno se atope mal, con algún **síntoma que apunte ao COVID**, no transcurso da xornada, deberá comunicarlo ao profesorado que estea nese momento na clase, a un profesor de garda ou a algún dos membros do equipo COVID
- A **Biblioteca** do centro vai seguir funcionando coa maior normalidade posible. Aínda así sufrirá adaptacións que se comunicarán a principio de curso.

- A **cafetería** só se poderá usar nos recreos (exclusivamente para alumnado). Haberá unhas normas de mobilidade, consumo e quendas que se indicarán con tempo suficiente.

3. PORTAS PARA ENTRAR-SAÍR AO CENTRO E/OU SUBIR-BAIXAR ÁS PLANTAS E OUTRAS NORMAS DE DESPRAZAMENTO:

- **Haberá 4 portas de acceso ao centro** que nos levarán as tres zonas do edificio e aos talleres.

PORTA A e PORTA B: (Avda. Bos Aires) entrada e saída para alumnado que vai ao Pavillón A

PORTA C: (Rúa F) de entrada e saída para alumnado de talleres , Ciclos Formativos e FP Básica

PORTA D: (Avda. Luís González Taboada) de entrada e saída para alumnado que vai ao Pavillón B

- **Para subir** ás plantas farase polas escaleiras correspondentes a cada porta

PORTA A: PRINCIPAL :escaleiras porta principal pavillón A (Avda. Bos Aires)

PORTA B: PAVILLÓN A: escaleiras de emerxencia pavillón A(Avda. Bos Aires)

PORTA C: PATIO : escaleiras de emerxencia pavillón B

PORTA D: TALLERES: entradas Pavillón C e talleres.

- O uso do elevador** estará reservado para persoas con problemas de mobilidade.

CIRCULACIÓN /DESPRAZAMENTOS

- Nas escaleiras e corredores deberase circular sempre pola dereita, coa máxima fluidez posible e mantendo a distancia interpersonal.

- Cando haxa que cambiar de aula a outra da mesma planta, circularase sempre pola dereita do corredor ata chegar á mesma.



- Se cambiamos a unha aula de outra planta, colleremos as escaleiras correspondentes de subida ou de baixada.

O incumprimento dalgunha das condicións recollidas nos tres puntos anteriores poderá dar lugar a sancións recollidas no NOF.

4. MEDIDAS EN CASO DUN CONFINAMENTO OU SUSPENSIÓN DE CLASES:

- Como titora/r deberás asegurarte que todos os teus titorandos comprenden as medidas telemáticas (funcionamento da Aula Virtual, videoconferencias, correo electrónico, etc..., E-Dixgal, Classroom, whassap) que se tomarán en caso de novo confinamento ou suspensión das clases. Para elo organizaremos unas xornadas informativas durante as primeiras semanas de clases.

- Aínda que teremos unha lista con correos electrónicos de familias e alumnado, terás tamén unha lista do alumnado que non ten internet nin ordenador e terás que ter en conta isto e comunicarllo ao equipo de profesores para que estean informados e á dirección para que lle poidamos proporcionar unha solución.

5. COMUNICACIÓN DAS TITORAS/ES COAS FAMILIAS:

Durante este curso escolar a comunicación coas familias será vía telefónica, por correo electrónico ou por vía telemática.

O sistema será: A familia concertará unha cita preferentemente a través do correo electrónico sinalando no asunto a que profesor queren solicitar a cita, se a familia non tivera correo electrónico poderá chamar ao centro para solicitar a cita. O titor porase en contacto con eles á maior brevidade posible, e da forma que considere, durante un horario amplo que a familia deberá comunicar no momento de solicitar a cita e que terá que ser dentro do horario lectivo.